

Recordos dun poeirento tocadiscos



Pablo González Faginas

Cada vez que paso por diante daquel edificio na rúa Juan Flórez retornan á miña memoria todos os momentos que vivín na casa dos avós, pero procuro pasar de largo. Aínda lembro cando os curmáns e mais eu levantábamnos cedo e o zume de laranxa xa estaba agardando por nós na mesa do comedor. Lembro que sempre sentaba na cabeceira, e aínda que o avó sentárase toda a súa vida nesa cadeira todos os sábados que iamos a súa casa deixábame ese sitio. Eu sentíame o rei do mundo nesa cadeira. Tamén lembro aquelas torradas quentes, untadas de manteiga e marmelada, e o rápido que as terminaba.

Cando remataba de xantar dirixíame ata o salón, onde acendía a tele no canle 47 para ver os debuxos animados. Era nese momento cando comezaba a soar unha música que procedía das habitacións de arriba, unha música lenta e algo triste. Subía as escaleiras para ver que sucedía, e sempre atopaba á miña avoa cantaruxando aquela música. Ao seu lado estaba o tocadiscos, aquel tocadiscos que pasara de xeración en xeración, sendo o primeiro en chegar á rúa Juan Flórez. O tocadiscos da avoa era moi antigo e estaba totalmente cuberto de po.

Aínda que os avós o limpaban de cando en cando, preferían deixarlle un pouquiño daquel po, porque segundo a miña avoa “era a súa esencia”.



A variedade de vinilos para tocar era ampla, había dende cantantes españois dos anos sesenta (os cales eu repudiaba) ata bandas anglosaxonas cun son moito máis rockeiro, culpa do meu pai e a súa admiración por este tipo de grupos. O meu álbum favorito era “Parachutes”, de Coldplay. Non teño idea do porqué, nin sequera entendía as letras en inglés, pero aquel disco tiña algo especial que me facía conectar con el. E cando entraba na habitación de arriba das escaleiras e observaba á miña avoa cantaruxar as lentas e tristes cancións acercábame ao tocadiscos para cambiar o vinilo. Como eu non sabía utilizalo a ela non lle quedaba máis remedio que quitar as súas letras preferidas e quedarse a escoitar “Parachutes” comigo. Pasaron os anos e as visitas á casa dos avós diminuíron cada vez máis. Todos medramos, tanto os meus curmáns coma eu xa estabamos ou superáramos a secundaria. De feito, a miña curmá maior xa estaba na universidade. A súa despedida da cidade para marchar a estudar a Madrid fora na casa de Juan Flórez e tamén fora a derradeira vez que vira aos avós. Lembro cunha nostalxia especial aquel día, aínda que só fai un ano que pasou. A miña curmá traíra varios vinilos novos para o tocadiscos: “Melodrama” de Lorde, “Fine Line” de Harry Styles e “Sensaciones” de Sen Senra. A miña avoa non lle gusta ese tipo de música, pero escoitounos porque estaba moi ilusionada de abrir o tocadiscos e gozar cos seus netos unha vez máis. Con Sen Senra empatizou un pouco xa que é galego e entende as súas letras, mais os outros dous cantantes non lle gustaron nada. Aquel día rimos coma nunca, facíanos moita graza a confusión da avoa coas palabras en inglés.




Non obstante, cando estabamos a punto de volver a casa, a avoa chamoume dende a habitación de arriba. Subín rapidamente e abrín a porta. Co vinilo desenfundado, achegouse a min e entregoume o disco. Non quixen mirar o nome do álbum, probablemente fora algún deses cantantes antigos que tanto lle gustan. Puxen o vinilo no tocadiscos e coloquei a agulla coa delicadeza necesaria. Sorprendentemente non era a música triste e lenta que sempre escoitaba nas mañás dos sábados, senón algo moito máis movido. Sonou unha guitarra inconfundible acompañada dunha veloz batería. Ao segundo recoñecina. Esa canción recordábame a tempos pasados, cando visitábamos aos avós con máis frecuencia. A canción era “Don’t Panic”, de Coldplay. Xireime para ver á avoa. Unha lágrima lle recorría toda a cara. Fundímonos nunha aperta que durou todo o disco. Interrompeunos a voz do meu pai, berrando para que baixara polo meu abrigo. Antes de atravesar a porta a avoa deume un bico acompañado dun suave rumoreo coa súa dozura característica: “Lembra isto, cariño. Nada é para sempre. Lembra este disco cando eu non estea”. Pregunteille por que, pero xa era tarde. Pecharon a porta e dun momento a outro xa estabamos no coche de novo. A avoa morreu en marzo. Morreu de coronavirus. Nin sequera tivemos tempo para despedirnos dela. Foi demasiado rápido. Contaxiouse, ingresárona na UCI e dun día para outro todo se desvaneceu. Todo, as mañás de fin de semana, as cancións, as apertas, os bicos, todo desapareceu coma por arte de maxia. Nunca imaxinara un fin así, sen unha mísera despedida. Porque a avoa merecía unha despedida.

Tampouco puidemos compartir a tristeza cos curmáns. Miña curmá decatouse da noticia un pouco máis tarde, tras finalizar as clases, mentres que os tíos e os meus dous curmáns xa o souberon á primeira hora da mañá. O avó, consumido pola tristeza, pasa os seus días agora nunha residencia debido a unha enfermidade dexenerativa. E así, en cuestión de dous meses, pasaríamos de estar todos xuntos, a que un só problema, un só virus, separara por completo os nosos camiños. É curioso as voltas que pode dar a vida nun instante, todo o que viviches con esa persoa non serán agora nada máis que imperceptibles escintileos que sobrevoan a túa mente ocasionalmente para que non caian no pozo do esquecemento antes de tempo, porque nalgún momento esa caída será inevitable. Efectivamente, nada é para sempre, incluso as memorias que o cerebro retén. Hai moi poucas maneiras, practicamente ningunha, de revivir os momentos que se encontran no máis profundo deste pozo. Moi poucas maneiras, pero non nulas.

Cada vez que paso por diante daquel edificio na rúa Juan Flórez retornan á miña memoria todos os momentos que vivín na casa dos avós, pero procuro pasar de largo. Onte, non obstante, pareime e torcín o corpo cara a dereita. Rebusquei nos petos do pantalón, ansioso, as chaves da casa que me deran cando comecei a quedar polas tardes e tiña que cear cos avós. Despois duns segundos atopeinas debaixo duns clinex sucios que deberían estar na papeleira dende había tempo. Abrín o portal e pulsei o botón do vello ascensor. Entrei e marquei o piso do avós. 5 °C.





Esbirrei pola alerxia que producían os ácaros, pero por algunha razón ese esbirro calmou os veloces latexos do meu corazón. “A emoción”, supuxen. Ao lado do clinex sucio encontrábase un paquete practicamente cheo, como os que me daba a miña avoa cando me arrefriaba nos adestramentos de fútbol en inverno. O traxecto no ascensor foi curto. Coa man trémula, xirei a chave e entrei. Recoñecín todo ao instante. Á esquerda, a cociña e o comedor das torradas quentes e o zume de laranxa. Á dereita, o enorme salón coa televisión. Collín o mando e puxen o canle 47. Fun andando lentamente cara ás escaleiras. Contando cada un dos chanzos tentando non pisar as raias subín ata o segundo piso. O forte latexo do corazón xa vólvera había tempo. Dirixinme cara ao vestidor, onde o meu curmán e mais eu xogábamos ás escondidas entre as prendas dos avós. Agora, despois do traslado do avó, estaba todo baleiro. Saín dese cuarto e o meu destino podíase apreciar de fronte. A famosa habitación de enriba tiña a porta entreaberta. Avancei con coidado e empuxei a entrada e puíden observar a cama onde acudía de pequeno cando tiña pesadelos. Acheguei-me á mesa de cabeceira e abrín o segundo caixón. Alí estaba. O tocadiscos, con máis po ca nunca. Con outro clinex máis limpei a superficie pero deixei unha parte sen tocar, quería preservar a esencia. No armario estaba a colección de vinilos, en perfecto estado. Para comezar collín uns discos máis vellos. Dende un primeiro instante os choros empaparon o parque e a miña cara. Collín un clinex máis para limparme. Tras pasar por varios estilos musicais considerei que era o momento adecuado. Fun descartando grupos e cantantes ata chegar ao desexado. Podíase ler ben na tapadeira: “Parachutes”. A súa cor dourada reflexaba a miña cara, inchada e vermella despois do pranto. Introducíno no tocadiscos e comezou aquela batería. Os recordos na casa dos avós retornaban á mente coa voz de Chris Martin como banda sonora. Foi entón cando o comprendín. “Parachutes” acompañárame e íame acompañar ata o final. Sempre podería revivir os meus momentos máis especiais escoitando o disco. Pero, sobre todo, sería unha forma para que a avoa tamén me acompañara todo o que me resta de vida. Porque o tocadiscos xa non era parte da habitación da avoa. Agora a avoa era parte do tocadiscos. E eu, tamén.

